

O Festival Atlántica, NOGA e Sete Falares celebran o Día Internacional da Narración Oral con espectáculos solidarios e un manifesto de Paula Carballeira

- As actividades desenvolveranse ao redor do 20 de marzo co obxectivo de visibilizar e poñer en valor a arte de contar en galego
- Unha vintena de artistas espallaranse por varias cidades e vilas do país nesta gran festa da narración oral

día internacional da
NARRACIÓN ORAL



Cartel do Día Internacional da Narración Oral Galicia
(Deseño: [Raquel Boo](#))

Aínda que [Atlántica](#) vaise a celebrar no verán, estes días xunta esforzos co festival [Sete Falares](#) de Pontevedra e co [Colectivo Narración Oral Galega \(NOGA\)](#) para situar no mapa dos manifestos e reivindicacións a lingua do país e ás historias que nos identifican. Así, coincidindo co **20 de marzo**, data de celebración do **Día Internacional da Narración Oral**, as tres entidades están a preparar unha axenda ateigada de propostas contratadas por diferentes concellos en bibliotecas, teatros, auditorios e tamén sesións solidarias en hospitais e residencias da terceira idade.

A autoría do **manifesto** desta cuarta edición do Día da Narración en Galicia é de **Paula Carballeira**, recoñecida escritora, actriz, dramaturga e unha das pioneiras da narración oral do país. No seu texto convida a todos a contar e contarse, poñendo o foco na importancia de dar luz ás voces silenciadas, agochadas, perdidas. Un convite a ser parte da historia, a ser inmortal... “se queres”.

O manifesto xa está a ser distribuído en centros de ensino, bibliotecas e concellos e pódese compartir desde ás redes sociais do Festival Atlántica, Sete Falares e Noga. Tamén nas devanditas redes estará dispoñible o programa completo de actividades que se van desenvolver nos concellos de Ares, Arteixo, Carballeda de Avia, Barco de Valdeorras, Betanzos, Boiro, Cambados, Campolongo, Chantada, Dodro, Fene, Lugo, Mañón, Marín, Mazaricos, Meis, Moaña, Monfero, Monterroso, Mugar dos, Muros, Narón, Oleiros, Ourense, Pontearreas, Pontevedra, Redondela, Ribadeo, Ribeira, Rubiá, Sandiás, Santa Comba, Santiago de Compostela, Soutomaior, Tordoia, Vigo e Ponte de Lima (Portugal).

día internacional da
NARRACIÓN ORAL

ATLANTICA
festival internacional de narración oral

SETE FALARES
PONTEVEDRA

NOGA
NARRACION ORAL GALEGA

Entre a vintena de artistas participantes figuran Aida Cobas, Alba de Vales, Amor Herrera, Ana Meilán, Ángeles Goás, Bea Campos, Brais das Hortas, Cándido Pazó, Carlos Rebolo, Charo Pita, Cris Collazo, Cris de Caldas, Inma Soto, Larraitz Urruzola, María Iglesias, Marta Ortíz, Monicreques de Kukas, Olga Abad, Pablo Díaz, Paco Nogueiras, Paula Carballeira, Pavís Pavós, Quico Cadaval, Raquel Queizás, Sole Felloza, Vero Rilo e Xabi do Camiño.

A ARTE MÁIS ANTIGA DO MUNDO

A narración oral é unha arte escénica de pequeno formato que está presente en todas as programacións de xeito diario en Galicia. Programacións nas que NOGA insta a ser valorada e recoñecida coma unha arte rica creativa e sólida con capacidade de adaptación a espazos moi diferentes. Por iso levan traballando dende os festivais e NOGA para visibilizar e poñer en valor o seu oficio situando a Galicia e a súa lingua no mapa universal das historias.

No Día Internacional da Narración Oral conmemórase a arte de narrar de viva voz e celébrase cada 20 de marzo, coincidindo co equinoccio de primavera. A festividade tivo a súa orixe en Suecia no ano 1991 e, aos poucos, fóronse engadindo outros países.

CRÉDITOS | Manifesto: Paula Carballeira | Deseño do cartel: [Raquel Boo](#)

CONTACTO PRENSA | [Bea Pérez](#) | 604 070 409 | prensa@festivalatlantica.gal

día internacional da
NARRACIÓN ORAL

ATLANTICA
festival internacional de narración oral

SETE
FALARES
PORTUGAL

NOGA
NARRACION ORAL GALEGA

SE QUERES...

Se queres ser inmortal, cóntame un conto.

Non o escribas, que o papel pode mollarse, queimarse, estragarse, que os ordenadores ás veces se apagan sen gardar os documentos e as nubes pérdense nos ceos virtuais levadas por algún vento. Ou escribeo tamén, tanto ten, pero non me deixes sen a túa voz, sen a túa mirada, sen os teus xestos.

Se queres que te garde na memoria, e que fale de ti para que te lembren, terás que regalarme unha historia, unha boa historia, desas que parece que murmuran na orella xusto o que precisamos para sorrir, coller folgos e asentarnos no mundo ou cambiálo.

Se queres espertar do letargo das palabras que perderon o sentido, dos lugares comúns e da falta de interese, busca un conto que ofrecerme. Na procura, atoparás sorpresas, camiños e posibilidades ocultas. Seino. Sempre acontece.

Se queres que o aburrimiento mude de roupa, aprende a narrar o que che pasa pola cabeza, o que che preocupa, o que sentes, o que temes, o que soñas. Non é doado, pero tampouco tan complicado. Pensa que non precisas electricidade, nin petróleo, nin combustibles fósiles nin outras enerxías renovables agás o teu alento, e que paga a pena darlles matices aos grises das tardes de inverno.

Se queres gañarlle a partida ao tempo, obrígalo a deterse e prestarche atención, sacalo do cárcere dos reloxos, xogar con el ás escondidas mentres nace un conto diante dos meus ollos, xa sabes, ti es esa persoa extraordinaria. Ti, nada máis e nada menos. Non hai ninguén mellor, porque estás ao meu carón, neste momento.

Se queres contar a vida para que non se esqueza, amosarme o que aínda non coñezo e demostrarme que todo o que se imaxina acontece cando nos detemos sen facer caso do que nos empuxa a seguir o ritmo vertixinoso no que nos movemos, fai o favor, cóntame algo, algo que mereza ser contado, algo importante que escolleses para min, real e á vez inventado.

Se queres, só se queres, eu farei o mesmo.

Paula Carballeira

PROGRAMA* | DÍA INTERNACIONAL DA NARRACIÓN ORAL 2024

Luns 15 de marzo

- Cándido Pazó. "Fala fala". Auditorio Municipal, Ribeira
- María Iglesias. Estrebillando. CPI Plurilingüe da Picota – Mazaricos
- Marta Ortíz e Brais das Hortas- "Casa casiña, casona"- Domaio (Moaña)
- Pablo Díaz. Biblioteca de Mera (Oleiros)
- Paco Nogueiras. Sesión de contos musicados no CEIP Balaídos de Vigo e no CEIP de Laredo de REDONDELA
- Paula Carballeira. "Contos de meigas" no Salón do Libro de Pontevedra
- Pavís Pavós. Contos para bebés no Salón do Libro. Pazo da Cultura de Pontevedra
- Sole Felloza. "Os mil trabalos das mulleres" Biblioteca Municipal de Muros
- Quico Cadaval. Actuación no marco da Exposición "Antía Cal-unha mestra innovadora"-Vigo

Martes 16 de marzo

- Cris de Caldas. "Menú máxico de contos". Con Xabi do Camiño
- Vero Rilo. "Cacho animalada". Santiago de Compostela

Mércores 17 de marzo

- Paco Nogueiras. Espectáculo musical "C@nto Contigo" Auditorio de Redondela dentro co Ciclo de Teatro Infantil.
- Pavís Pavós. "A hora do conto". Salón do Libro de Pontevedra
- Vero Rilo. "Cacho animalada". Boiro
- Larraitz Urruzola e os Monicreques de Kukas. "Viva Vivaldi". Auditorio Hernán Naval. Ribadeo

Xoves 18 de marzo

- Inma Soto. "Xela, a superheroína de aldea". CEIP Unión Mugardesa, Mugardos
- Paco Nogueiras. Sesión de contos musicados no CEIP de Reibón de Moaña e no CEIP A Xunqueira nº2, Pontevedra
- Paula Carballeira. Obradoiro de narración oral para o profesorado do CEIP Vales Villamarín, Betanzos
- Vero Rilo. Elas, Fene
- Sole Felloza. CRA de Meis

Venres 19 de marzo

- Ana Meilán. O QUE NON QUERO ESQUECER. IES ANXEL FOLE (Lugo)
- Cris de Caldas. "De ida e volta". En Ares. Con Amor Herrera (En branca e negra)
- Vero Rilo. "Elas". Carballeda de Avia
- Sole Felloza. "Bolboretas". IES Terras de Xallas (Santa Comba)

día internacional da
NARRACIÓN ORAL

ATLANTICA
Festival Internacional de Narración Oral

**SETE
FALARES**
Pontevedra

NOGA
NARRACIÓN ORAL GALEGA

- Raquel Queizás. "Cinema de historias da man de Alice Guy". MIL de Lugo

Sábado 20 de marzo

- Aida Cobas, Ana Meilán e Carlos Rebolo. "Os contos tamén sanan" HULA (Hospital Universitario Lucus Augusti) de Lugo. Contada solidaria
- Aida Cobas e Carlos Rebolo. "Os contos tamén sanan" Centro Penitenciario de Monterroso. Contada solidaria
- Bea Campos. A nena e os tres osos. Sala Ártika, Vigo
- Cris de Caldas. "Residencia de anciáns" de Pontevedra. "Os fíos da memoria" Actuación Solidaria
- Charo Pita. 10.30 h. CEIP Virxe da Cela- Monfero
- Soledad Felloza. 17.30 h. Aula de Pediatría do Hospital Clínico Universitario de Santiago (CHUS)
- Charo Pita 18.30 h. Biblioteca Central de Arteixo
- Inma Soto. "Conta coa natureza". CPI Mende, Ourense
- Inma Soto. "Aquí contamos todas". CEIP Covadonga, Ourense. Programa Lecxit de Meniños. Contada solidaria
- Olga Abad- Hospital do Salnés-Función solidaria
- Paco Nogueiras. Sesión de contos musicados, CEIP Condessa de Fenosa, Barco de Valdeorras e no CEIP A Ponte de Ourense
- Paula Carballeira. "Historias de arrepío" en Ponte de Lima (Portugal) + obradoiro de narración oral
- Pavís Pavós. Funcións solidarias. Pontevedra:
 - Cris Collazo. Pediatría do Hospital Provincial de Pontevedra
 - Ángeles Goás e Cris de Caldas, Residencia da Terceira Idade de Campolongo en Pontevedra
- Olga Abad, Hospital do Salnés, Pediatría
- Vero Rilo. "Animalario", Dodro
- Vero Rilo. "Elas", Chantada
- Sole Felloza. "Había unha vez..." CEIP Sequelo. Marín

Domingo 21 de marzo

- Alba de Vales e Inma Soto. "Pum, pum... contos que latexan". CHUO, Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. Contada solidaria
- Bea Campos. A nena e os tres osos. Sala Ártika, Vigo
- Cris de Caldas. "Agasallo das árbores" Rubiá. Con Xabi do Camiño
- Charo Pita- Biblioteca Central de Rialeda
- Ana Meilán. FAMILIANDO XUNTOS. CEIP A GÁNDARA (Narón)
- Pavís Pavós. Este Queixo Queixolán. Espazo Apego Santiago de Compostela
- Olga Abad- "A máquina das historias". Biblioteca de Arteixo
- Sole Felloza. "Paxariña de papel"- Biblioteca Juan Compañel. Vigo
- Raquel Queizás. "Cambio e conto" Biblioteca Municipal de Mañón

Luns 22 de marzo

- Cris de Caldas. "A maleta lila" Casa de cultura de Oubiña. Cambados
- Inma Soto. "Conta coa natureza". CEIP de Prácticas, Ourense
- María Iglesias. "Coa palabra na boca". Biblioteca Neira Vilas, Vigo
- Paula Carballeira. "Historias de arrepío" no IES Terra Cha
- Pavís Pavós. "A hora do conto". Biblioteca de Soutomaior
- Sole Felloza. IES Pedra da Auga. Pontearreas
- Raquel Queizás. "Pai, chimpo de ra" Tordoia

Martes 23 de marzo

- Cris de Caldas. "A maleta lila" Casa de cultura de Corvillón. Cambados
- Paco Nogueiras. Escolas por confirmar

Mércores 23 de marzo

- Bea Campos- "Cinco ratiños de conto" Biblioteca de Oleiros
- Quico Cadaval "Antolóxica". Corte dos Bois. Pinheira de Arcos. Sandiás

*Programa suxeito a modificacións

día internacional da
NARRACIÓN ORAL

ATLANTICA
festival internacional de narración oral

**SETE
FALARES**
PONTAÍVEDRA

NOGA
NARRACION ORAL GALEGA